

# PROPOSTA DE ACTIVIDADES

O equipo de mestras de Educación Infantil decidimos comezar un novo mini proxecto:

**A**

**FAMILIA**, cremos que neste tempo de confinamento non hai mellor temática que esta para traballar nas vosas casas, precisamente coas vosas familias.

- Como actividade inicial, cremos que é conveniente comezar coa **visualización deste conto**.

Con él trataremos a diversidade de familias: hai familias monoparentais (nas que o neno ou nena conta cun só proxenitor), familias nucleares (formadas polos dous proxenitores e os fillos/as), familias adoptivas, familias sen fillos/as, familias nas que a nai e o pai viven separados, familias homoparentais, familias extensas... Este conto mostra diferentes tipos:


<https://www.youtube.com/watch?v=L8oe2tNAOPQ>

Unha vez que o visualicedes, podedes **comentar** o que vistes neste conto e, a continuación, falar sobre **como é a vosa familia**, cales son os membros que a compoñen...

Despois de facer todas estas reflexións plantexamos a seguinte actividade.

- A creación da vosa **árbore xenealóxica**.
  - Buscade todas as **fotos** que poidades da vosa familia.
  - Decidide se queredes incluír tamén aos tíos/as primos/as, bisavós/as,...
  - Observade xuntos as fotos e falade sobre quen sae nelas e que relación de parentesco ten coas nenas e nenos.
  - Estas fotos tamén poden servir para lembrar momentos e experiencias vividos xuntos, gustos compartidos, recordos,...
  - As nenas e nenos poden escribir na fotografía ou debuxo da persoa o seu parentesco ou o seu nome (AVOA ou CARMEN).
  - E agora...a montar a vosa propia árbore! Podedes facelo cos materiais e a forma que vós queirades, como sempre vos digo, entra en xogo a vosa imaxinación das nenas e nenos. De todas formas deixámosvos algunha imaxe de exemplo:

Se non tedes fotos de cada membro da familia non pasa nada, podedes debuxalos, seguro que vos quedarán moi guapos/as.



Unha vez feita a árbore colócaa nun lugar especial da vosa casa, seguro que vos axuda a levar mellor estes momentos.

Ademais, podedes sacarlle unha **foto** e compartirla cós **familiares** que, desde que todo isto comenzou, non poidechedes ver. Estaría ben que a foto fose acompañada dunha pequena **mensaxe** de texto que as nenas e nenos poden crear. Como escribirán esta mensaxe:

- Decidir de forma oral o que queredes dicir.
- Escribir a mensaxe. Se é moi longa e hai dificultade, poden escribir as palabras clave ou máis importantes.
- Sacarlle unha foto á vosa árbore.
- A mensaxe xa está lista para enviar.

- Cando rematedes a vosa árbore imos empregala para facer outras actividades:





**Contamos:** Cantas mulleres hai na árbore?

Cantos homes?

Cantas persoas en total están na árbore?

Pasos para facer esta actividade:


- 1º verbalmente teñen que contar.
- 2º preparede unha táboa para poder anotar os datos (si lles explicades ás nenas e nenos como facela perfecto, poden incluso empregar unha regra, como facíamos no cole)


 MULLERES		
 HOMES		
 		


- 3º A nena ou neno ten que facer tantas marcas como o número de homes que hai e tantas marcas como o número de mulleres.

 MULLERES		
 HOMES		
 		


- 4º coller tantos palillos como número de mulleres hai e tantos palillos como homes hai.



- 5º xuntar todos os palillos, contalos e poñer no papel tantas marcas como número de palillos.



- 6º escribir o número correspondente. Para poder atopar o número que buscan podedes empregar táboa do 100.



1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
41	42	43	44	45	46	47	48	49	50
51	52	53	54	55	56	57	58	59	60
61	62	63	64	65	66	67	68	69	70
71	72	73	74	75	76	77	78	79	80
81	82	83	84	85	86	87	88	89	90
91	92	93	94	95	96	97	98	99	100

